

RESUMO DE CRITICAS

“A escolla dun texto irlandés de Conor McPherson é sen dúbida unha boa idea para celebrar os vinte anos dunha Compañía que, a miúdo con fortuna, tamén escribiu a historia do teatro profesional en Galicia.

Se algo debería ser destacado en **O encoro** é o valor dos silencios coma elemento teatralmente significativo. Coma na vida mesma. O encoro crea un conflito dramático perfectamente definido no que os personaxes agochan lembranzas, e medos e ilusións, mesmo misterios que van sendo exteriorizados grazas a un ambiente creado sobre o escenario, a costa dunha escenografía que retrata á perfección un bar, coas súas luces e as súas sombras, co ar acolledor só a medias, cos toques de alcohol.

Conor McPherson escribiu, sen lugar a dúbidas, un bo texto dramático, pero Xulio Lago amosou unha boa dirección de actores, na que consegue que algúns deles nos sorprendan con papeis inimaxinados, “desencasillados”: Artur Trillo coma unha sorte de parvo solteirón de inocencia inquietante, Gonzalo Uriarte nun tráxico mecánico ao que só lle quedan as noites do pub, Toño Casais de perfecto *barman*, María Barcala focaliza a escena no momento de relatar a súa propia historia de aparecidos, quizais a máis tráxica, a máis dramática de todas elas, Antonio Simón centrando a historia..... Todo na interpretación dos personaxes neste espectáculo semella medido. Xulio Lago acertou cunha obra que conxuga todo o que podemos aprender de fóra, con todo o que podemos aportar de nós mesmos a través dunha montaxe interesante e seria”

(Inma López Silva. [Revista Galega de Teatro](#))



Partindo dunha escenografía notable de Antonio Simón, Xulio Lago ofrece unha posta en escena en clave realista na que os elementos de significación están moi ben ensamblados: a iluminación, vestuario, movemento escénico, a música..... Todo iso permite reflectir o acontecer cotiá na taberna: os personaxes, as súas relacións, as súas teimas e historias, as súas complicidades os seus rancores e

disputas, os seus longos silencios, as miradas.... Destaca o traballo interpretativo de todo o elenco, sobrio, contido e moi pautado, pero sobre todo o que realizan Artur Trillo e Antonio Simón.

O encoro é un deses espectáculos que reclama unha programación permanente nos teatros de Galicia, o que serviría para que moitas persoas que se manteñen afastadas das salas de teatro puidesen congraciarse con unha arte igualmente milenaria, e sentir o seu engado a través desas historias que falan de nós, que reflicten todo canto de insólito, anodino, conmovedor ou sorprendente pode haber nas nosas vidas. A crise non está no teatro senón na sociedade. Fagan por miralo, paga a pena. (Manuel F.Vieites. [Faro de Vigo](#))



“Actuaba o Teatro do Atlántico, dirixido por Xulio Lago, e a obra, escrita polo irlandés Connor McPherson chamábase *O encoro*. Todo transcorre durante dúas horas nun *pub* dunha antiga aldea irlandesa, xa desnaturizada trala construción nos anos sesenta dun salto, pero na que aínda persisten, case sen vontade nin conciencia, moitos vestixios da vella comunidade rural. Aquel pequeno mundo de madeira rodeado de vento está habitado por cinco personaxes que bromean, disputan e contan cousas, amigablemente arroupados, para escándalo da sana patulea que nos invade, polo alcol e o tabaco, eses dous vellos compañeiros da xente e da palabra. Non hai grandes conflitos, nin golpes de efecto, nin suspense, nin intriga. Só cinco actores de primeira fila (María Barcala, Gonzalo Uriarte, Antonio Simón, Artur Trillo e Toño Casais) interactuando chejovianamente coa linguaxe e coa mirada, co xesto e co sobreentendido, coa densa trama do vivir compartido. Eu non sei explicar en que consiste o milagre desta representación teatral nin que é exactamente o que me falou tan fondo. Pero sei que o que vin alí non o vira nunca en ningures, nin sequera no cine. E que era certo”. (Damián Villalaín. “[A nosa Terra](#)”)